

1 Escribe unha palabra con *h* para cada definición.

- Persoa que recibe unha herdanza. ▶ .....
- Coidar a pel para que non quede seca. ▶ .....
- Construción rural, xeralmente rectangular, para gardar o gran. ▶ .....
- Persoa que investiga e escribe obras de historia. ▶ .....

2 Subliña os prefixos e rodea os sufixos das seguintes palabras.

desfacer

imposible

Submarinista

subdelegado

papeleira

reabrir

poliño

empregada

superpoñer

fermosura

casaza

escritor

inquieta

descontento

extrafin

favorece

o

r

3 Engade sufixos ou prefixos ás seguintes palabras e inclúeas nun pequeno texto no que empregues a personificación. Fai referencia aos personaxes que aparecen no debuxo.

árbore

cara

auga

orde



Blank lined area for writing a short text using personification.

4 Marca as oracións nas que haxa hipérbole.

- O queixo estaba tan bo que o comemos enteiro. Xa
- che dixen mil veces que recollese o cuarto.
- O meu amigo Xaime é o neno máis divertido do mundo.
- Collede todas as cereixas que vos caiban nas mans.



- 5 Le o seguinte anuncio e realiza as actividades.

GRANXA ESCOLA PIÑEIRO  
APRENDER É O PRIMEIRO

A Granxa Escola Piñeiro abre as súas portas, xunto cun equipo de educadores, para que os nenos coñezan os animais da granxa.

Non o dubide máis. Se quere que os seus fillos aprendan, e tamén se divirtan, veñan visitar-nos. Mentres eles están con nós, vostede pode participar noutras actividades sen preocuparse por nada, pois temos un equipo altamente cualificado!

- De que tipo é cada un dos adverbios que aparecen destacados no anuncio?

.....  
.....

- Localiza e copia todas as preposicións do anuncio. Logo engade dúas máis.

.....

- Para que serven as conxuncións? Localiza dúas no texto e escribe unha oración con elas.

.....

- 6 Fíxate nos debuxos, escolle o que empregarías como imaxe para o anuncio anterior e explica por que.



.....  
.....

- 7 Escribe outro slogan para o anuncio da Granxa Escola Piñeiro.

GRANXA ESCOLA PIÑEIRO

.....

